

**INSTRUCCIÓN DO 13 DE MAIO DE 2015 POLA
QUE SE REGULA O PROCESO DE
CONTRATACIÓN AO AMPARO DO ARTIGO 83
DA L.O.U. PARA A PREVENCIÓN E REDUCIÓN
DA MOROSIDADE NA UNIVERSIDADE DE
VIGO**

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500008779
14/05/15 10:24:14

1.-Antecedentes:

A Universidade de Vigo de acordo co disposto no artigo 83 da L.O.U. ven celebrando diferentes contratos con empresas privadas:

“Os grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, os Departamentos e os Institutos Universitarios de Investigación, e o seu profesorado a través dos mesmos ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos con persoas, Universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanza de especialización ou actividades específicas de formación.”

A Universidade de Vigo emite facturas aos diferentes tipos de clientes e xestiona directamente os cobros correspondentes. Nos últimos exercicios estanse a detectar un maior número de casos de falta de pago, o que incrementa o índice de morosidade por este concepto.

2.-Medidas para a prevención e redución da morosidade.

Para mellorar a prevención da morosidade e evitar o seu incremento establécense as seguintes medidas:

2.1-Non se poderán asinar, renovar ou incrementar contratos con empresas ou terceiros que teñan unha débeda de calquera tipo coa Universidade de Vigo cos seguintes límites:

-a débeda esixible teña unha antigüidade superior a 6 meses ou

-o importe da débeda esixible sexa superior a 10.000,00€ (dez mil euros) IVE excluído.

Se a débeda é inferior a 10.000,00€ (dez mil euros) ou cunha antigüidade inferior aos 6 meses poderanse asinar novos contratos ou modificar os presentes.

2.2-O investigador principal do contrato ou responsable de gasto da partida orzamentaria dotada para cubrir os gastos inherentes ao contrato será o responsable de cobrar a débeda, realizando as tarefas que se lle soliciten para acadar unha recadación total do importe contratado. Así mesmo, o investigador principal é o responsable de comunicar calquera incidencia ou modificación na execución do contrato ao Servizo de Apoio á Investigación.

O Servizo de Apoio á investigación facilitará os datos económicos aos investigadores cando así o soliciten e proporcionará a axuda precisa en casos extraordinarios para logra-la efectiva recadación das débedas.

2.3-Aqueles Investigadores que conformasen un contrato con empresas e que ditos contratos resultasen impagados total ou parcialmente por incumprimentos acreditados imputables a eles poderán incurrir en prohibición de promover, dirixir ou participar en novos contratos nun período de entre seis meses e un ano.

2.4-Non se poderán establecer relacións comerciais coas empresas que presenten morosidade (de acordo cos límites do punto 2.1) sen autorización expresa da Xerencia.

Neste sentido, a Universidade de Vigo informará as administracións competentes das débedas destas empresas co fin de logra-la efectiva recadación das mesmas, o que poderá implicar unha inhabilitación para contratar perante a administración pública.

Vigo, 13 de maio de 2015

O Xerente,



Manuel Fernández Jauregui

SR. XEFE DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN
SRS. / SRAS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS
SRA. VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA
SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN